



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 19 DE AGOSTO DE 2015</b>	
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> EXTRAORDINARIA	<b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ C. LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MARÍA ÁNGELES PAÍS CARBIA  
Concelleira  
D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. ROMÁN SUÁREZ PORTO  
Concelleiro  
DNA. Mª MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
D. LUIS RENDO ARAUJO  
Concelleiro  
D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA  
Concelleiro  
DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS  
Concelleira  
D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ  
Concelleiro

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS  
Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro do BNG

SECRETARIA ACCTAL.

DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira do PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día dezanove de agosto de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúñese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Accidental, Dna. M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE AGOSTO DE 2015.**

**2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN DETALLADA DO SISTEMA XERAL - DOTACIONAL - 1, ESTADIO MUNICIPAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DE 13-08-2015.**

**3º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2015; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 13-08-2015.**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE AGOSTO DE 2015.**

**Sr. Alcalde:** Moi boa tarde a todos e a todas, benvidos á sesión extraordinaria do Pleno, o cal ten a seguinte Orde do Día: a parte... a única parte ao ser extraordinario, a parte resolutoria, o

punto número un é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión celebrada o 6 de agosto de 2015. Non sei se hai algunha cuestión ou algunha alegación á acta?. Ten a palabra Dna. Belén.

**Sra. Belén Louzao, Concelleira do PSdeG-PSOE:** Ben, cremos que é un simple erro de corta e pega, figura como Secretaria ao inicio da acta Lucía Artíme e figurando como asinante da acta e como Secretaria a Sra. Chus Bascuas, polo tanto se corrixa simplemente.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias por esa aportación, aprobamos polo tanto esta acta con esa modificación que aporta a voceira do grupo socialista.

Dada conta da Acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 6 de agosto de 2015 advírtese da existencia dun erro en canto á asistencia á dita sesión, xa que recóllese como Secretaria a Dna. Lucía Artíme Alonso cando debería figurar a Secretaria Accidental Dna. M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas, polo que procede a súa corrección.

Finalmente, apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 6 de agosto de 2015 (previa corrección do erro advertido), ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN DETALLADA DO SISTEMA XERAL - DOTACIONAL - 1, ESTADIO MUNICIPAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DE 13-08-2015.**

**Sr. Alcalde:** O punto número 2 é a aprobación definitiva, se procede, do Plan Especial de Infraestruturas e dotación para a modificación da ordenación do sistema xeral - dotacional - 1, Estadio Municipal; segundo Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 13 de agosto de 2015. Para tratar este asunto ten a palabra o Concelleiro de Urbanismo D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco, Concelleiro delegado de Urbanismo:** Boas noites. Unha vez tomada a decisión de desenrolar para o uso dotacional o que é o antigo campo municipal da Baiuca e tras o iter procedemental que establece para este tipo de planes especiales, simplemente tras a aprobación inicial e provisional, períodos de exposición e todos os requisitos necesarios, se trae para a aprobación definitiva polo Pleno como órgano competente.

Consta no expediente todo tipo de actuacións, sobre todo o más salientable é o informe sectorial favorable do Ministerio de Fomento que, en principio, é o único esixible unha vez que non foi necesario o ambiental así como outro tipo de informes sectoriais.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias D. Alberto Blanco. Algunha intervención?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao en representación do partido socialista.

**Sra. Belén Louzao:** Ao igual que xa temos manifestado na Comisión, o noso parecer será, neste caso, apoiar este plan parcial simplemente porque o único que se está a facer cun solo dotacional xa preexistente é seguir manténdoo, por iso apoiamos que siga sendo solo dotacional, no seu día votamos en contra do cambio de uso, votamos en contra dunha nova instalación que críamos que non era o momento de facela, pero visto os acontecementos e o devir, entendemos que é necesario o aproveitamento de ese solo dotacional que temos no noso Concello e por eso entendemos que con informes

favorables e manténdose, como di, o uso dotacional do mesmo apoiaremos neste caso este plan parcial.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dna. Ana Belén Louzao. Sr. Magariños. AH! Dna. Mar Blanco en representación de MÓVETE, ten vostede a palabra.

**Sra. María del Mar Blanco, Concelleira de MÓVETE:** Vistos os informes relativos a este asunto nós tamén estamos a favor de que dunha vez se cree un ampla zona de espazo dotacional, seguimos apoianto ao goberno dende a oposición para que, dunha vez por todas, se dote ao noso Concello dunha residencia para dependentes e centros de día públicos, ambos centros son imprescindibles para a conciliación familiar e non esquezamos que os maiores e os dependentes tamén necesitan coidados; e se somos conscientes da evolución demográfica en xeral e da nosa comarca en particular, estas infraestruturas son as que máis proxección de futuro teñen.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dna. Mar Blanco, ten a palabra o Sr. Magariños en representación do Bloque Nacionalista Galego.

**Sr. Xosé Magariños, Concelleiro do BNG:** Si, está claro que despois do cambio que o Partido Popular fixo co zona da Baiuca, co campo de fútbol, é unha actuación que debería estar xa recollida no Plan Xeral para que o veciños foran coñecedores dela e puideran opinar, bueno, non poderían opinar porque o Partido Popular decidiu que o Plan Xeral non había que sometelo a exposición pública entónces claro, os veciños tampouco terían dereito a opinar, pero bueno, como xa o propio informe, a previsión, a documentación que nos presenta o Partido Popular recoñece que era un planeamento que non estaba previsto no Plan Xeral... o que está claro é que estamos ante unha nova improvisación do Partido Popular non?, neste no tema da Baiuca, simplemente se nos trae aquí este proxecto porque había que buscar unha xustificación á construcción do campo de fútbol na zona de Figueroa, entónces bueno... primeiro aparece o campo de fútbol e agora vamos a buscar a xustificación, xustificación....

(interrupción do audio)

**Sr. Xosé Magariños:** Bueno, como ía dicindo, o que se nos trae aquí é unha xustificación para algo que non debía de estar feito, pero bueno, unha vez feito e hai que asumilo non?. A falta tamén de previsión neste tipo de actuación é que en vez de facer forza para que de unha vez se ten pensado crear esta nova área de dotacións públicas na zona da Baiuca integrada á que é a maia do casco urbano, para esto teríamos que sacar a Nacional 640 e construir a circunvalación; a forza que ten o Partido Popular da Estrada se demostra nos Presupostos Xerais do Estado coa dotación presupuestaria que o Ministerio de Fomento lle outorga este ano á circunvalación non?, aí se demostra o interés que ten o Partido Popular na ordenación territorial, sobre todo no desenrolo no Pleno, desenrolo urbano da Estrada. Pero bueno, xa digo, ao feito, peito, e entónces nós imons a abster na votación desta obra, reconecendo que, efectivamente, hai que facer algo con ela, xa que a falcatruada que fixo o Partido Popular co campo de fútbol agora hai que buscarlle a solución a estos terreos e, bueno, está claro que a dotación dunha residencia ou centro de día ou xulgados estean todos xuntos e non cada un nunha punta da Estrada pois é algo que vai a beneficiar aos veciños.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños, moitas gracias. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, simplemente para matizar un par de puntos. En canto ao uso dotacional que di a portavoz do PSOE, lógicamente xa existía un uso dotacional, pero era exclusivamente deportivo, era unha zona donde había un campo de fútbol; agora pasa a ser unha área dotacional, pero con distintos usos, pódense dar libertad ás distintas parcelas que se formen para usos diferentes, de feito o primeiro vai a ser de uso educacional. De esta forma se pon a disposición do Concello da Estrada dunha cantidad de suelo moi importante, que sempre foi a maior carencia que tuvo o Concello da Estrada, e non foi de forma improvisada, esto foi todo orquestado, conseguir terreos da Academia, conseguir financiación para o campo de fútbol e agora disponer de máis de 20.000 metros cadrados de propiedade municipal, eu penso que por pouco máis de 100.000 euros, polo que penso que aí pouca improvisación hubo.

Despreciar ese terreno e decir que bueno, que agora vamos a facer algo... tampouco hubo improvisación en relación co PXOM, porque esos terrenos que están afectados agora mismo son de propiedade municipal, co cal nadie tería que decir nada sobre a calificación dese tipo de terreno que se desenrola por medio deste plan especial.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Alberto Blanco, moitas gracias. Algunha outra intervención?. Bueno, pois suficientemente debatido este tema, procedemos polo tanto á súa votación. Punto número 2 que di aprobación definitiva, se procede, do Plan Especial de Infraestruturas e dotación para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral - dotacional - 1, Estadio Municipal; segundo Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo. Votos en contra?, abstencións? e votos a favor?. Apróbase por maioria.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11), PSdeG-PSOE (7) e Móvete (1) e a abstención do BNG (1), os seguintes **ACORDOS**:

Visto que, en data 03-11-2014, previos os informes e trámites preceptivos, a Xunta de Goberno Local, entre outros acordos, aprobou inicialmente o *Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral – dotacional - 1 (Estadio Municipal)*, redactado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, con radicación na Avda. Benito Vigo – Avda. da Torre; de iniciativa pública (municipal).

Visto o trámite de información pública evacuado a partires do anuncio publicado no DOGA nº 232/2014, do 3 de decembro, no Faro de Vigo e na Voz de Galicia de igual data, e no Taboleiro Municipal, sen prexuízo nas cédulas de notificación individual practicadas aos interesados por radicación (persoas propietarias dos terreos afectados -titulares que figuran no Catastro, segundo a relación contemplada no significado *Plan Especial*-).

Visto o certificado relativo ao resultado do trámite de información pública, asinado pola Sra. Secretaria en funcións en data 05-01-2015, acreditativo da ausencia de alegacións/reclamacións, máis aló da manifestación presentada O 28-11-2014 por Unión Fenosa Distribución, S.A. (RE nº 14396), referida á descripción da infraestrutura da que dispón na radicación de referencia, tal e coma confirmou o Arquitecto Municipal autor do *Plan Especial* no expreso informe que sobre aquela emitiu en data 26-12-2014.

Vista, no seu día, a comunicación da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, determinando a innecesariade de que o devandito *Plan Especial* se suxeitase ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, unha vez analizado o

Documento de inicio que lle remitira a Oficina Técnica Municipal o día 23-09-2014 (RS nº 6583), completado en data 01-10-2014 (RS nº 6743).

Visto asemade que, non é esixible o pronunciamento previo/preceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Pontevedra, toda vez que o Informe de Antecedentes Históricos elaborado polo arqueólogo competente designado ao efecto, concluí a inexistencia de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de Patrimonio Cultural de Galicia (etnográfico e arqueolóxico).

Visto o informe técnico (favorable) emitido polo Arquitecto T. Municipal, D. Daniel Órrea Corral o 28-10-2014, salientando que o Plan de referencia se axusta ao obxecto e limitacións legalmente previstos, e contén/contempla as determinacións preceptivas, cumpre a normativa vixente (xeral e sectorial), e, igualmente, reúne a calidade técnica adecuada para a ordenación proxectada.

Visto o informe xurídico emitido en data 30-10-2014 polo T.A.X. – Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Vista a comunicación do Ministerio de Fomento (Demarcación de Estradas do Estado en Galicia) recibida en data 12-12-2014 (RE nº 14923), que anudou o seu informe favorable sobre o Plan Especial, áinda que con determinadas prescripcións a observar por parte do Concello; o que motivou a confección polo amentado autor do *Plan Especial*, nun primeiro momento, do seu Anexo de data xaneiro 2015 (Estudo de tráfico e acceso dende a N-640), que foi remitido ao dito Ministerio o día 05-01-2015 (RS nº 27). E, nun momento posterior, do Documento complementario ao nomeado Anexo, do 19-01-2015, tamén remitido a igual Departamento Ministerial en data 19-01-2015 (RS nº 220).

Vista a definitiva autorización sectorial do Ministerio de Fomento (Demarcación de Estradas do Estado en Galicia), recibida en data 22-04-2015 (RE nº 4694).

Visto que, constitúe un planeamento especial de infraestruturas e dotacións non previsto inicialmente polo PXOM, que ten por finalidade a mellora da ordenación detallada inicialmente contemplada/aprobada, en aras a posibilitar a previsión e instalación de novas infraestruturas e dotacións, sen que isto anude o incremento dos aproveitamentos, unha vez liberada a bolsa de solo afectada debido ao traslado do antigo Campo de Fútbol municipal a outra radicación.

Visto que, pretende así, reordenar as fincas dotacionais a través dunha nova parcelación (indicativa), para o que redefine a parcela mínima, as condicións de segregación, actualiza os planos informativos e define os elementos de mellora dos espazos libres de condición pública así coma os elementos construídos, sen que se precise a obtención de terreos para a súa execución.

Visto que, a aprobación de plans especiais non previstos no PXOM, coma o presente, requirirá, en todo caso, a previa emisión do informe autonómico (preceptivo e vencellante) no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Vista a aprobación provisional acordada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 27-04-2015, sobre a documentación que de seguido se relaciona: documento do *Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral – dotacional - I (Estadio Municipal)*, redactado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 22-10-2014, así como o seu Anexo de data xaneiro 2015 (Estudo de tráfico e acceso dende a N-640), e o Documento complementario ao nomeado Anexo, de igual autor (do 19-01-2015).

Visto o significado e preceptivo informe autonómico previo, emitido en data 30-07-2015 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), de carácter favorable.

Vistas, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 2/ 2.008, do 20 de xuño, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei do Solo, o Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da derogada Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia, as Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Pontevedra publicadas por Resolución da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 14.05.91 (DOG nº 116/91, do 19 de xuño), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, o Plan Xeral de Ordenación Municipal, e concordantes.

Visto, por último, o Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, acadado en sesión do 13-08-2015.


#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o *Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral – dotacional - 1 (Estadio Municipal)*, redactado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 22-10-2014, así como o seu *Anexo* de data xaneiro 2015 (*Estudo de tráfico e acceso dende a N-640*), e o *Documento complementario ao nomeado Anexo*, de igual autor (do 19-01-2015).

Correlativa/conseguientemente, tense por alzada a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas (de parcelación de terreos, edificación e demolición) no ámbito do territorio obxecto deste planeamento especial, do que as súas novas determinacións supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente.

Para estes efectos, determínase expresamente a área que, coa aprobación inicial, quedou no seu día afectada pola dita suspensión que co presente acordo se extingue:

- Norte, estrada nacional 640.
- Sur, Avda. Da Torre.
- Leste, finca catastral 2565045NH4226S0000SY ( SUND ) e solo industrial LIDL ( SUC ).
- Oeste,           fincas           catastrais           2565015NH4226S0001IU,  
                       2565024NH4226S0001HU,           2565025NH4226S0001WU           e  
                       2565007NH4226N0001OX (SUC de edificación en bloque aberto).



**Segundo.-** Ordenar que polo departamento municipal de Urbanismo se proceda á publicación oficial deste Acordo así como do instrumento de planeamento que é obxecto de aprobación definitiva, en legal forma.

A este efecto, no anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á Consellería competente por razón da materia.

**Terceiro.-** Ordenar que polo departamento municipal de Urbanismo procede a comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), dándolle traslado dunha copia autenticada de 2 exemplares do instrumento definitivamente aprobado, con todos os planos e documentos que integran o Plan Especial (e anexos complementarios) sobre os que recae o significado acordo, debidamente dilixenciados pola Secretaría municipal, facendo constar o dito estremo.

**Cuarto.-** Comunicar este acordo ao Ministerio de Fomento ( Demarcación de Estradas do Estado en Galicia), para coñecemento e efectos.

**3º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2015; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 13-08-2015.**

**Sr. Alcalde:** O punto número 3 é o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2015, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 13 de agosto de 2015. Para explicar este punto ten a palabra D. Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda.

**Sr. Alberto Blanco, Concelleiro delegado de Facenda:** Ben, como é habitual, unha vez finalizado un ano, péchase o exercicio presupostario co cal todos os servizos que foron prestados polos provedores durante o ejercicio, neste caso, 2014 e teñen entrada da factura no 2015, lógicamente non poden ser pagados polo principio da anualidade no Presuposto do 2014 e hai que pagalos no 2015, o contrario lógicamente sería un enriquecemento inxusto do Concello, co cual a forma xurídica de darlle este recoñecemento é mediante este procedemento reglado de recoñecemento extraxudicial de crédito.

En este caso se presenta a relación de facturas donde se presenta como novedade, para máis claridade, o reparos que se formula por parte de Intervención, estes reparos se resumen basicamente nos seguintes: por incumprimento da Base 26, bueno, é cando se supera ao largo de varias facturas dentro do mesmo ano o mínimo que establecen as Bases de Execución, por poñer un exemplo,

cando se fan anuncios nos diarios, que son obligatorios e se fan de forma repetida, lógicamente esas facturas levan un reparo, a principio de ano non se pode saber cantas facturas se van a recibir porque non se saben cantos anuncios se van a ter que publicar; o segundo tipo de reparo que se fai é pola cuantía que supere tamén los límites establecidos nas Bases de Execución e no propio Real Decreto Lexislativo 3/2011 donde se supera a cantidad de 18.000 euros, esto ocurre, por exemplo, en contratos como de Telefónica ou Fenosa que veñen sendo habituales de todos los anos por diversos motivos, sobre todo pola complexidade, hasta agora ningún goberno acometeu uns novos pliegos de contratación; o terceiro tipo de reparo que pon de manifesto Intervención son pequenas facturas, gastos que se consideran que non son gastos protocolarios, según o Tribunal de Contas son 2 o 3 facturas, por exemplo, ponemos que se fai o pago para trofeos do San Martiño, penso que era de coches pequenos teledirixidos, ben, estos son actuacións que fai o Concello de colaboración, polo destino a quen vai considera que non é protocolario si non que protocolario tería que ser entre distintas administracións, ben, son detalles que creo que non pasan da mera anécdota. Así mismo fala ...

**(interrupción do audio)**

**Sr. Alberto Blanco:** ... que bueno... nomea como concesión encubierta, tamén esto serían, por exemplo, a auga que se compra para os colexiños, sobre todo a partir daquel problema que houbera no Colexio de Vea, entonces de forma regular se está comprando botellas de auga, botellóns grandes para servicio dos alumnos, lógicamente considera Intervención que non se tería que pagar ese servicio porque non é un gasto directamente asumible polo Concello, máis ben unha subvención encubierta. Bueno, creo que son pequenos detalles, como tamén ocurre en contratación de luz e sonido no Pavillón, en todo caso estamos falando de reparos que se veñen repetindo cada ano que, en maior ou menor medida, son xustificables e procede levantalos. Desta forma damos cumplimento á obligación do Concello de pago daquelas facturas que proceden de servicios prestados no 2014 e que tiveron entrada no ano 2015.

**Sr. Alcalde:** Moi ben D. Alberto Blanco. Algunha intervención en relación a este tema?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao en representación do Partido Socialista.

**Sra. Belén Louzao:** Moitas gracias Sr. Alcalde. Quedábame cunha palabra do voceiro do grupo do Partido Popular que dicía que os reparos eran "anécdotas", ben, anécdotas serán pero o certo que deste expediente de 237.000 euros levan reparo o 85% das facturas que se presentan, polo tanto esa "anécdota" é o 85%, entón son moitas anécdotas todas xuntas. Convertir o excepcional en ordinario non é o xeito no que se debe de gobernar e falar de boa facenda, por iso....

**(corte de audio)**

**Sra. Belén Louzao:** ...dicía, como xa temos dito moitas veces, que....

**(corte de audio)**

**Sra. Belén Louzao:** ...a obriga do Concello de pagar aos provedores, cumplir coas súas obrigacións, si non caer no enriquecemento ilícito, si no, como dicíamos, pagarles de xeito adecuado, pero, como xa estaba dicindo, o que non se pode facer é convertir a excepción en forma de xestionar de xeito ordinario, por

iso nesta ocasión, a pesares que noutras ocasiones temos votado a favor, nesta ocasión o imos a facer en contra, o imos a facer en contra porque nese 85% de reparos a estes 235.000 euros nos atopamos contratacóns directas na área de cultura cando se di que se debería ser a través de procedementos negociados, falamos de reparos por subvencións encubertas, de fraccionamento de contratos que detallaba o Sr. Blanco, é dicir, hai provedores que ao longo... hai facturas que se lle van a pagar e que son do mes de xaneiro, polo tanto non se lle pagou ningunha factura ao longo do ano. Por iso o noso voto de hoxe é en contra deste xeito de gobernar, non de que se lles pague, insisto unha vez máis en que estamos de acordo de que se faga o antes posible, pero si en contra deste xeito de gobernar, no que se convirte en "anécdota" os reparos.

Pedimos ademais que o grupo de goberno tome a iniciativa de informar aos provedores do prazo legal de 30 días que teñen para rexistrar no Concello as facturas logo de ter emitidos os servicios, porque non esquezamos que si o Concello contrata un servicio tamén se está obligando a pagar a uns provedores, por iso lle solicitamos que tome a iniciativa de informalos, porque non é de recibo que estemos no mes de agosto de 2015 pagando facturas do mes de xaneiro de ano 2014, por iso, insistindo unha vez máis, compartimos que hai que facer o antes posible o pagar, pero o que non se pode facer isto no xeito habitual de proceder e, como non, intentar minimizar o máximo posible, hai facturas, dende logo o dixemos sempre, que non chegan en prazo, son o caso da luz e o teléfono que se emiten a mes vencido, pero hai outras que non é de recibo que veñan aquí no mes de agosto cando as facturas... o servicio se prestou no mes de xaneiro do 2014. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dna. Belén Louzao.....

(corte de audio)

**Sra. María del Mar Blanco:** Ben, vistas as facturas e os reparos de Intervención....

(corte de audio)

**Sra. María del Mar Blanco:** ... o goberno local aproba pagos sen ter en conta os reparos de Intervención non?, que o Alcalde levanta por non axustarse á normativa que, en parte, é unha normativa local aprobada polo propio Partido Popular. Este expediente 1/2015 alcanza...

(corte de audio)

**Sra. María del Mar Blanco:** ... se inclúen facturas continúan a ter os mesmos...

(corte de audio)

**Sra. María del Mar Blanco:** ... que dende Intervención se ven sinalando nos informes...

(corte de audio)

**Sra. María del Mar Blanco:** ...reparos suspensivos. Ademais recolle que o volume de facturas trasladado é de tal magnitude que imposibilita o exhaustivo control de fiscalización, polo tanto dende o grupo de MÓVETE pedimos ao goberno municipal...

(corte de audio)

**Sra. María del Mar Blanco:** ...Bueno, como dicía, dende MÓVETE pedimoslle ao goberno municipal que teña en conta os reparos postos por Intervención para que se convierta na excepción e non na forma xeralizada de proceder e, polo tanto, que se axusten ao indicado na lexislación á hora de fixar o procedemento para a tramitación das facturas. Gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias. Ten a palabra D. Xosé Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Como exemplo de como vai este goberno... Bueno, traemos aquí con este expediente un claro exemplo da xestión económica do que presume o goberno, da rapidez con que paga, do ben que funciona na facenda, do ben que se paga a provedores,..., por certo, é curioso que o que lle sirve ao Partido Popular no caso de electricidade non lle sirva ao resto dos gobernos, pero bueno, caso aparte do tema da electricidade tráese no mes de agosto facturas, por exemplo, emitidas no primeiro trimestre do 2014 non?, xa houbo tempo en ano e medio para xestionar este tipo de cuestiós. Tráesenos aquí, como ben di o informe de Intervención, unha serie de facturas que está claro que son servicios fraccionados para evitar procedementos negociados non?, pero bueno, é ao que nos ten acostumado o Partido Popular, a torcer a liña da legalidade o máximo posible según lle interese. Xa digo, está claro que hai que pagarlle aos provedores por servicios prestados, pero o goberno o que ten que prever son estes servicios e dotar presupostariamente nos Orzamentos das partidas correspondentes para facer pagos dos servicios necesarios. Vemos aquí tamén, curioso, que temos un volume importante de servicios de catering no noso Concello, xa digo, algúñ deles do primeiro trimestre, xa lle fixo dixestión aos que se aproveitaron deste servicio desde aquela non?, está claro que as prioridades do Partido Popular cales son. Pedimoslle ao Partido Popular que xestione os cartos públicos con algo máis de eficiencia e que procure facer as cousas como marca a lei, non volva a fraccionar contratos para evitar os procedementos negociados e, sobre todo, que non tarde oito meses en traer facturas que xa debían de estar pagadas no mes de febreiro, como moi tarde marzo de 2015, porque xa fixo un ano que se fixo o servicio.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias D. Xosé Magariños. Ten a palabra D. Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, simplemente un par de apunto en canto á fecha das facturas, lógicamente nós lle podemos decir ou aconselar aos provedores que a traigan cando queiran, pero son eles as que as traen cando queren. Os motivos de que veñan con fecha de xaneiro ou é motivo directo do provedor ou é motivo de que as facturas, por diversos motivos, poden ser devoltas. En canto á cantidad que se trae, pode ser importante pero, bueno, ven a evolución dos últimos anos..., creo recordar que no 2011 foron quinientos e pico mil euros, foi baixando a cantidad de reconocimiento extraxudicial, e non se pode facer antes mentras non estea en vigor o Orzamento de 2015, por moito que se queira, co cual se esixe uns trámites que lle ocupan a Intervención e Intervención nos marca os tempos; a nós xa nos gustaría pagar antes, como di o feito de que todas as facturas que entraron no 2014 quedaron pagadas, creo que quedou unha de 300 euros, algo que penso que nunca había ocurrido, co cual a forma de xestión que está facendo este grupo de goberno penso que non ten moita pega, sobre todo vendo a evolución dos resultados orzamentarios, viñamos duns resultados negativos e durante catro

anos seguidos levamos positivos con remanentes, aforro neto e estabilidade presupostaria en positivo, co cal penso que si se pode mellorar a xestión dende logo que o intentaremos, pero as críticas, sobre todo do Bloque Nacionalista Galego, penso que son desacertadas.

En canto a que o 85% das facturas traen reparos, lógicamente estas facturas que entran a final de ano de forma acumulativa ou porque son pequenas contratacóns (como é, por exemplo, os anuncios de prensa), lógicamente esas facturas moitas delas fan saltar a barrera que establece a Base de Execución orzamentaria, co cual eso é inevitable porque ao mellor a fecha de noviembre non hai motivo de reparo e a fecha de diciembre a última factura que entra é motivo de reparo. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias. Algunha intervención?. MÓVETE?, BNG?. Ten a palabra Xosé Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Simplemente que me gusta que o Sr. Concelleiro de Facenda recoñeza que hai facturas que hai que devolver porque por calquier motivo están mal emitidas, é o que acontece nas reiteradas veces que poñen o exemplo das facturas de Fenosa, sabe perfectamente cal foi a realidade, entonces aplíquese o cuento.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños. Pois nada, unha vez rematado o debate procedemos, polo tanto, á votación deste punto número 3, que é o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2015, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas. Votos en contra? (Partido Socialista, MÓVETE e BNG), abstencións non hai, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (7), Móvete (1) e BNG (1), os seguintes **ACORDOS**:

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2015, incoado co obxecto de que o Pleno da Corporación aprobe unha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias.

Vista a Providencia da Alcaldía en relación ao devandito expediente, asinada con data 07-08-2015.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 07-08-2015, relativa á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2015.

Visto o informe de Intervención de data 07-08-2015, formulando reparo suspensivo á tramitación do nomeado expediente.

Visto o disposto no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na súa sesión do 13-08-2015.

